



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Economía Mundial e Española		Código	650G01007
Titulación	Grao en Ciencias Empresariais			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía			
Coordinación	Fernandez Redondo, Marta	Correo electrónico	marta.fredondo@udc.es	
Profesorado	Fernandez Redondo, Marta Nuñez Gamallo, Ramon Jose Sequeiros Tizon, Julio Gaspar	Correo electrónico	marta.fredondo@udc.es ramon.nunez.gamallo@udc.es julio.sequeiros@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>O estudo da economía mundial debe basearse na localización dos elementos esenciais que definen e identifican a realidade socio-económico que vai ser estudada. A economía internacional é concibida como un sistema interdependente no que o principal dinamismo xorde do centro capitalista, aínda que os seus efectos se espallan velozmente, hoxe en día, a todos os países do mundo. Xa que logo, débese comezar identificando os agregados macroeconómicos e indicadores socioeconómicos que van permitir facer unha clasificación dos países según o seu nivel de renda, crecemento, grado de desenvolvemento e inserción externa. A metodoloxía exige utilizar as fontes estadísticas económicas nacionais e internacionais máis relevantes. Unha vez dado ese paso e debido a que a realidade económica en estudo consta dunha chea de feitos e relacións faise unha presentación dos principais organismos económicos internacionais que participan do proceso globalizador dende a II Guerra Mundial.</p> <p>A economía española forma parte do grupo de países industrializados, democráticos e desenvolvidos e participante dun proceso de integración económica europea como e a Unión Económica e Monetaria. A asignatura ?Economía Mundial e Española? inclúe o estudo e análise da evolución da economía española, a especialización produtiva e comercial e a súa participación das relaciones económicas internacionais nun mundo globalizado. No caso do grado en Empresariais e Turismo e Empresariais e Arquitectura Técnica farase unha análise sectorial específica do turismo e construción e a súa repercusión sobre o crecemento e a produtividade da economía española.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	CE1 - Aprender a aprender, por exemplo, cómo, cándó, ónde novos desenvolvementos persoais son necesarios.
A2	CE2 - Auditar unha organización e deseñar planes de consulta (por exemplo lexislación impositiva, inversións, estudo de casos, proxecto de traballo).
A3	CE3 - Comprender detalles do funcionamento empresarial, tamaño de empresas, rexións xeográficas, sectores empresariais, vinculación con coñecemento e teorías básicas.
A5	CE5 - Comprender a tecnoloxía nova e existente e o seu impacto para os novos/futuros mercados.
A7	CE7 - Comprender os principios da lei e vincularlos co coñecemento de negocios e xestión.
A9	CE9 - Comprender os principio éticos, identificar as implicacións para as organizacións empresariais, deseño de escenarios.
A10	CE10 - Comprender e utilizar sistemas contables e financeiros.
A11	CE11 - Definir criterios de acordo de cómo unha empresa é definida e vincular os resultados coa análise do entorno para identificar perspectivas.
A12	CE12 - Definir obxectivos, estratexias e políticas comerciais.
A13	CE13 - Xestión dunha compañía a partir da planificación e control, utilizando conceptos, métodos e ferramentas.
A14	CE14 - Xestionar as operacións da empresa.
A15	CE15 - Xestionar os recursos financeiros.



A16	CE16 - Identificar aspectos relacionados e comprender o seu impacto na organización empresarial.
A17	CE17 - Identificar o impacto dos elementos micro e macroeconómicos na organización empresarial.
A18	CE18 - Identificar as características dunha organización.
A19	CE19 - Identificar novos desenvolvementos de organizacións empresariais para afrontar con éxito o entorno cambiante.
A21	CE21 - Identificar e utilizar as ferramentas adecuadas de matemáticas e estatística.
A22	CE22 - Planificar e xestionar os recursos humanos das organizacións.
B1	CB1 - Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeneral, e se adoita encontrar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
B2	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
B3	CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
B4	CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado.
B5	CB5 - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B6	CG1 - Que os estudantes formados sexan profesionais versátiles, capacitados tanto de iniciar o seu propio negocio como de desempeñar labores de deseño, planificación, organización, xestión, asesoramento e avaliación nas áreas e departamentos contables, financeiros e fiscais de organizacións empresariais, con especial referencia ás pequenas e medianas empresas.
B7	CG2 - Que os estudantes posúan unha elevada capacitación metodolóxica de xestión e tratamento da información que lles proporcione vantaxes competitivas, non só no seu labor profesional, senón nunha sociedade global en permanente transformación. Para iso, o Grao debe estar dotado dun axeitado nivel de interdisciplinidade, transversalidade e integración nas súas materias.
B8	CG3 - Que os estudantes presten especial atención aos cambios que, tanto en conceptos, coma en metodoloxía ou en aplicacións, implican no mundo empresarial as novas tecnoloxías da información e as comunicacións. Así mesmo deben poder obter e actualizar os coñecementos específicos que teñan como base a aparición de novas leis e regulamentos que afecten ao mundo fiscal, financeiro ou contable.
B9	CG4 - Que os estudantes integren a aprendizaxe na súa vida e no seu labor profesional, a través da metodoloxía de ensino que lles achega o Grao, o cal lles proporciona unha formación básica xeral que servirá como puntal para a formación continua ao longo da vida.
B10	CG5 - Que os estudantes teñan unha perspectiva integral e destreza no manexo dos conceptos, técnicas e ferramentas empregados en cada unha das diferentes áreas funcionais, con especial referencia ás contables, financeiras e fiscais da empresa; así como entender as relacións que existen entre elas e cos obxectivos xerais da organización. Todo iso tendo en conta os principios de sustentabilidade e responsabilidade social das mesmas.
B11	CG6 - Que os estudantes saiban identificar e anticipar oportunidades, asignar recursos, organizar a información, realizar asesoramento fiscal e contable, control orzamentario, xestión de tesouraría, auditorías de contas e temas concursais (suspensións de pagamentos e quebras), tomar decisións en condicións de incerteza e avaliar resultados.
B12	CG7 - Que os estudantes sexan capaces de liderar proxectos nas áreas de valoración da empresa, de dirección estratéxica e financeira; deben poder entender a información contable das empresas co fin de obter conclusións e realizar predicións tanto sobre rendementos coma sobre riscos futuros.
B13	CG8 - Que os estudantes identifiquen os requisitos legais da información financeira aos que a empresa debe enfrontarse.
B14	CG9 - Que os estudantes manifesten respecto aos dereitos fundamentais e de igualdade entre homes e mulleres, o respecto e a promoción dos Dereitos Humanos e os principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.
C1	CT1 - Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	CT2 - Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	CT3 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	CT4 - Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.



C5	CT5 - Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	CT6 - Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	CT7 - Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	CT8 - Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer os principais conceptos e relacións económicas necesarios para analizar a economía mundial e española.	A2 A7 A9 A10 A11 A12 A13 A19 A21		
Aprender a pensar en termos económicos		B1 B2 B3 B7 B11	
Identificar as fontes de información económica relevante e o seu contido	A1	B9 B10 B11 B12 B13 B14	C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8
Capacidade para reflexionar sobre os problemas económicos máis relevantes	A3 A5 A14 A15 A16 A17 A18 A22	B1 B2 B3	
Comunicarse con fluidez no seu contorno e traballar en equipo		B4 B5 B6 B7 B8	

Contidos	
Temas	Subtemas



I. A medición da economía.	<p>1. Macromagnitudes. Contabilidade Nacional de España (SEC). O fluxo circular da renda.</p> <p>2. Balanza de Pagamentos.</p> <p>3. Indicadores socioeconómicos: poboación, crecemento, desenvolvemento, cambio estrutural.</p>
II. A Economía Mundial.	<p>4. Evolución da economía mundial no longo prazo no marco capitalista.</p> <p>5. As fontes da creación de riqueza e as desigualdades a escala mundial. Crecemento versus desenvolvemento.</p> <p>6. Globalización e organismos económicos internacionais: Comercio internacional. Sistema financeiro internacional. Integración económica.</p>
III. A Economía Española	<p>7. Evolución da economía española no longo prazo.</p> <p>8. Estrutura produtiva, Mercado de traballo e sector empresarial.</p> <p>9. Sector exterior: Especialización produtiva, equilibrio externo, España na Unión Económica e Monetaria.</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A1	2	0	2
Sesión maxistral	A2 A3 A7 A13 A14 A15	15	30	45
Presentación oral	A11 A12 A16 A17 A18 A19 A22 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B14 C1 C2	8	10	18
Obradoiro	A5 A9 A10 A21 B8 B9 B10 B11 B12 B13 C3 C4 C5 C6 C7 C8	22	28	50
Proba mixta	B1 B2 C1 C2	2	28	30
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Presentación da materia onde se explica ao alumnado o desenvolvemento do programa, os instrumentos de análise básicos para a medición da economía, as fontes documentais que se han utilizar durante o curso, a bibliografía recomendada e mais os requisitos necesarios para a avaliación continua.
Sesión maxistral	Empregarase o método expositivo coa finalidade de facilitar ao estudante información organizada sobre os coñecementos fundamentais correspondentes aos distintos temas
Presentación oral	Presentación oral dos traballos tutelados. Os traballos serán grupales (3 membros) e se expoñerá e defenderá oralmente ante o resto dos alumnos e do profesor. Este traballo inclúese na avaliación continua da materia.
Obradoiro	Actividades en clase, solución problemas, lecturas, participación en clase. Exercicios prácticos dirixidos a aplicar as técnicas básicas da análise da estrutura económica. Uso das fontes económicas internacionais dos organismos económicos internacionais.
Proba mixta	Proba escrita sobre os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos sobre a economía mundial e española. Esta proba de coñecementos poderse dividirse en dúas probas ó longo do curso de forma opcional por ó profesor.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Presentación oral	<p>Formaríanse dous subgrupos de 15 alumnos. Fixaríanse as titorías que han durar ata 4 horas para cada un deses subgrupos e planificaríanse ao longo do curso. Serán anunciadas con suficiente antelación.</p> <p>Destinadas a reforzar a aprendizaxe autónoma do alumnado a través do seguimento e mais a supervisión das distintas actividades programadas (procura de datos económicos, fontes bibliográficas, resolución de problemas, exposición de traballos).</p> <p>O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia poderá facer o traballo de xeito individual. A titoría personalizada acordarase entre o profesor e o alumno.</p>
-------------------	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A5 A9 A10 A21 B8 B9 B10 B11 B12 B13 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Actividades en clase, solución problemas, lecturas, participación na clase, titorías	10
Presentación oral	A11 A12 A16 A17 A18 A19 A22 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B14 C1 C2	O estudante deberá realizar unha ou dúas ao longo do curso. Valorarásese a adecuación do tema exposto á materia, o seu grado de dificultade, a utilización das metodoloxías aprendidas no curso e mais a habilidade na comunicación oral.	30
Proba mixta	B1 B2 C1 C2	Proba escrita sobre os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos sobre a economía mundial e española. Poderán facerse dúas probas eliminatorias en substitución do examen final si o profesor o quiser. Esíxese unha cualificación igual o superior a 4/10 na proba escrita de coñecementos para poder sumar á cualificación da avaliación continua.	60

Observacións avaliación
<p>Cualificación de non presentado: Corresponde ao alumnado, cando só participe de actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% sobre a cualificación final, con independencia da cualificación acadada.</p> <p>Mínimos das partes da materia: Para sumar a nota da avaliación continua é necesaria unha cualificación igual ou superior a 4 sobre 10 na proba mixta.</p> <p>Na segunda oportunidade manteránse os mesmos criterios de avaliación que na primeira oportunidade (gárdase a cualificación da avaliación continua).</p> <p>Condicións de realización da avaliación final: Está prohibido acceder á aula de exame con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou o almacenamento de información</p> <p>Convocatoria adiantada: No caso de que o alumno solicítase a convocatoria adiantada, éste será avaliado a través dunha proba escrita. A proba establece un mínimo de 5 puntos sobre 10 para superar a materia. A ponderación desta proba nesta convocatoria será dun 100%.</p> <p>O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia: Poderá facer o traballo de xeito individual. A titoría personalizada acordarase entre o profesor e o alumno.</p>

Fontes de información



Bibliografía básica	Bibliografía básica recomendada. O profesor poderá incluír bibliografía complementaria si así o decide. Recoméndase utilizar as últimas edicións da bibliografía básica. Alonso, J.A. (2017); Lecciones sobre economía mundial. Introducción al desarrollo y a las relaciones internacionales, Thomson-Civitas, Madrid. Garcia Delgado, J.L. y R. Myro (dirs.) (2017) Lecciones de economía española, Thomson-Civitas, Madrid. Viñas, Perez Ortiz y Sanchez Díez (2013) Análisis del entorno económico internacional. Garceta Grupo editorial, Madrid. Banco de España (http://www.bde.es/) Banco Mundial (http://www.worldbank.org) Eurostat: (http://epp.eurostat.ec.europa.eu/) FMI (http://www.imf.org) INE (http://www.ine.es) Ministerio de Economía y Hacienda (http://www.meh.es) Ministerio de Industria, Comercio, y Turismo (www.micyt.es) OCDE (http://www.oecd.org) OMC (http://www.wto.org) PNUD (http://www.undp.org/) UNCTAD (http://www.unctad.org)
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Principios de Microeconomía/650G01002

Historia da Empresa/650G01005

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Estatística I/650G01009

Materias que continúan o temario

Macroeconomía/650G01015

Observacións

É importante a lectura da prensa e mais de revistas económicas. Hanse poñer a disposición do estudante diversos materiais tanto na fotocopiadora como no Moodle da materia.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías